



PLAN DIGITAL

IES Valadares

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introducción	3
1.1. Datos básicos do centro	3
1.2. Contextualización do Plan Dixital. Contribución ao Proxecto Educativo.....	3
1.3. Breve xustificación do mesmo	7
1.4. Proceso de elaboración	9
2. Situación de partida	9
2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais	10
2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO	11
2.3. Análise DAFO	13
3. Plan de Acción.....	16
3.1. Obxectivos, indicadores e accións.....	16
3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas	29
4. Avaliación do plan	29
5. Difusión do plan	29

Introdución

Datos básicos do centro

- ◆ O IES Valadares (código 36020374) é un centro público dependente da Consellería de cultura, educación e universidade. <https://goo.gl/maps/WTcs2mGYHbNpMwpXA>.
- ◆ O IES Valadares atópase na entidade de poboación de Sobreira, na parroquia de Valadares do Concello de Vigo.. Sitúase na vertente oeste dos Montes de Marcosende, sobre un predio duns 16 m2 de forma rectangular. Limitando ao norte cos montes de propiedade privada e comunal; sur, accesos ao centro e monte comunal; leste, Avenida Clara Campoamor; e oeste, monte comunal e estrada da Escola.
- ◆ A zona de influencia do IES Valadares esténdese dunha forma ampla ás parroquias de Castrelos, Matamá, Valadares e Zamáns aínda que está fundamentalmente determinada pola procedencia do alumnado dos centros adscritos: CEIP Josefa Alonso de Alonso (Matamá), CEIP Mestres Goldar (Castrelos), CEP Plurilingüe Igrexa-Valadares (Valadares), CEIP Plurilingüe Sobreira-Valadares (Valadares). Dende o curso 2015/16 contamos tamén co CEIP Castela de Navia.

O noso centro conta con 22 unidades, incluíndo os dous grupos de PMAR (2º e 3º) e ten unha matrícula de 550 estudantes

Contextualización do Plan Dixital. Contribución ao Proxecto Educativo

Características socioeconómicas e culturais do contexto do centro.

Aínda que no momento da creación do IES Valadares, a súa zona de influencia carecía de grandes industrias, existía un grande número de pequenas empresas e talleres de tipofamiliar. Sen embargo, na actualidade temos que destacar tres puntos fortes nas inmediacións do centro. En primeiro lugar, a creación Parque Tecnolóxico Loxístico, un polígono industrial de arredor de 1.000.000 m2, no que se atopan fundamentalmente empresas de tipo medio relacionadas co sector do automóbil (que abastecen en maior medida á factoría que o Grupo PSA ten na cidade de Vigo), empresas de distribución de mercadorías, e doutros sectores. En segundo lugar, a proximidade ao CUVI, o Campus de Vigo da Universidade de Vigo, e por último, a apertura do Hospital Álvaro Cunqueiro. Todo isto converte a nosa contorna en protagonista dunha grande actividade.

A súa contorna se caracteriza por unha elevada densidade de poboación e, ao tempo, unha grande dispersión da mesma. As vivendas son na súa maioría unifamiliares, construídas en predios independentes e agrupadas por barrios. Existe un número considerable de chalés que aumentan na medida que aumenta o nivel económico. Non hai practicamente poboamentos marxinais. Sendo diferente a realidade no barrio de Navia: barrio urbán de bloques novos de edificios de recente creación na periferia de Vigo. A poboación traballa fundamentalmente na industria e o sector servizos de Vigo, cunha importante incidencia de traballadores autónomos e por conta allea en pequenos talleres e pequenas industrias familiares radicadas na zona. Pódese observar na zona as súas características orixinarias, de tipo agrícola, forestal e gandeiro a pequena escala. A propiedade está dividida en pequenas parcelas, dedicadas exclusivamente á produción para o consumo familiar ou forestal.

Na actualidade, diversos colectivos desenvolven unha grande actividade social e cultural nos que destacan o Centro Cultural Recreativo de Valladares, a Asociación de Veciños de O Freixo, a Unión Musical de Valladares, a asociación de veciños A Unión, a Sociedade Cultural e Deportiva Atlántida, a Asociación de Veciños de Zamáns,...Estas asociacións son centros de reunión dos veciños e están orientadas a manter vivas as tradicións; ao tempo que, van incorporando elementos novos que inciden na vida social e cultural das parroquias.

O tipo de familia era, anteriormente, de clase media-baixa residente no ámbito rural, con niveis de estudos primarios e medios. Podemos comprobar agora que o nivel cultural é maior, e temos unha elevada porcentaxe de alumnado procedente do medio unrbán.

A lingua de comunicación habitual do alumnado é o castelán, aínda que en moitos casos no ámbito familiar empregan o galego. Co obxecto de contribuír á dinamización lingüística do galego, como lingua propia do país, procurárase que esta sexa a lingua ambiental, vehicular e de ensinanza no ámbito escolar, cumprindo co actual marco normativo en Galicia.

Contribución do Plan Dixital ao PEC

A necesidade do PD está presente nas últimas actualizacións dos documentos de centro, e no proxecto de dirección presentado. O desenvolvemento dixital de centro é un pilar fundamental para as metodoloxías activas polas que levamos anos apostando. Todo está reflectido ademáis no deseño do PFPP dende fai sete anos. Tanto nas melloras de espazos como no deseño das materias dende os departamentos, amosan esa aposta dixital. O equipo directivo participa cada ano no contrato programa de mellora da xestión de centro, centrado na dixitalización xeral. Tamén destacamos a participación en proxectos erasmus de E-Twenning a través das redes. Podemos dicir que nos últimos anos o centro está a incorporarse nunha transformación dixitalen todos os eidos, que esperamos que sexa global coa posta en marcha do novo PD.

Contribución do Plan Dixital á PXA

A contribución na PXA, queda establecida nos obxectivos propostos para desenvolver:

1. OBXECTIVOS XERAIS

- ◆ Mellora da competencia dixital do alumnado e do profesorado do centro.
- ◆ Fomentar a páxina web do centro como espazo de comunicación e de colaboración con toda a comunidade educativa.
- ◆ Coordinar a acción do profesorado de distintas áreas e materias en relación ao traballo coas tecnoloxías da información e a comunicación.
- ◆ Facilitar o acceso a estas ferramentas por parte do alumnado con necesidades educativas especiais de apoio educativo e nas tarefas de apoio e reforzo de aprendizaxes.
- ◆ Impulsar a comunicación con outros centros e localidades, para coñecer e transmitir valores sociais e de respecto doutros costumes e outras formas de vida.
- ◆ Potenciar a capacidade de razoamento do alumnado, a súa motivación e o seu afán de coñecemento.
- ◆ Fornecer o alumnado de estratexias para obter e xestionar a información conseguida mediante o uso das TIC.
- ◆ Utilizar programas e contornos que faciliten a consecución dos obxectivos propostos nas distintas áreas do currículo.
- ◆ Utilizar o ordenador como medio de creación, de integración, de cooperación e de expresión das propias ideas.
- ◆ Potenciar a comunicación cos seus iguais.
- ◆ Mellorar a proposta pedagóxica do profesorado e a súa práctica docente ao aproveitar as posibilidades que ofrecen as TIC.
- ◆ Empregar as TIC para o traballo cotián e nas actividades de aula: programacións, proxectos, explicacións, actividades...
- ◆ Consultar e obter información a través das TIC, tanto para temas profesionais como para experiencias interesantes para a súa actividade docente.
- ◆ Intercambiar experiencias, coñecementos, iniciativas... en diversas redes de colaboración como internet.
- ◆ Lograr a integración das TIC como medio dinámico de comunicación, de maneira que se constitúan nun elemento común de información e de contacto con todos os axentes do proceso educativo, facilitando a conexión entre eles.
- ◆ A través das asociacións de nais e de pais dos centros, poñer en marcha mecanismos para aproveitar a infraestrutura tecnolóxica e favorecer a adquisición por parte de pais e nais dos coñecementos necesarios para un uso proveitoso das TIC.
- ◆ Favorecer a superación das limitacións de acceso as TIC derivadas das desigualdades sociais.
- ◆ Difundir entre o profesorado e o alumnado a filosofía e vantaxes do software libre.
- ◆ Formar e concienciar á comunidade educativa na necesidade de utilizar formatos e procesos estandarizados nos traballos dixitais.

2. OBXECTIVOS A CURTO PRAZO

- ◆ Utilizar de forma progresiva as TIC como recurso educativo nos procesos de ensino-aprendizaxe.
- ◆ Mellora da competencia dixital do alumnado e do profesorado do centro.
- ◆ Converter Internet nunha ferramenta educativa posta ao servizo da aprendizaxe do alumnado.
- ◆ Aumentar e actualizar dotación dos materiais TIC do centro.
- ◆ Fomentar os blogs da biblioteca e dos distintos departamentos como espazos de comunicación de toda a comunidade educativa.
- ◆ Asesorar ao profesorado que xa está a utilizar as TIC ou que manifesta a súa intención de uso.
- ◆ Potenciar o uso do Xade por parte do profesorado.
- ◆ Potenciar o uso da plataforma Edixgal.
- ◆ Expoñer traballos feitos polo alumnado e o profesorado na páxina web.
- ◆ Potenciar o uso da aula virtual.
- ◆ Eliminar impresoras de tinta e implementar impresoras en rede.
- ◆ Impartir sesións de formación TIC para profesorado.
- ◆ Implementar e fomentar o uso de software libre, preferentemente multiplataforma: Libreoffice,VLC, Firefox...
- ◆ Introducir novas ferramentas TIC coma ferramentas de traballo e búsqueda de información: móbiles, tablets...
- ◆ Establecer mecanismos de comunicación cos colexios adscritos para intercambiar información sobre as necesidades formativas do alumnado de primaria.

3. OBXECTIVOS A LONGO PRAZO

- ◆ Habituar aos formatos estandarizados.
- ◆ Habituar e perder o medo/rechazo ao software libre.
- ◆ Mellorar a conectividade.
- ◆ Formar ao alumnado no uso responsable das TIC.
- ◆ Mellorar a atención á diversidade.
- ◆ Potenciar a elaboración de materiais e tarefas por parte do alumnado e profesorado a través da aula virtual.
- ◆ Mellorar as competencias e aumentar o uso das TIC do profesorado.
- ◆ Usar a informática nas aulas (non só nas aulas de informática) utilizando a infraestrutura dispoñible.
- ◆ Introducir unha xestión do traballo educativo e do centro máis dixitalizada.

COORDINACIÓN DO PROFESORADO

A nivel interno, os distintos departamentos, baixo a supervisión do xefe de departamento, serán os encargados da coordinación dos distintos membros, e para coordinar as distintas áreas usarase a comisión de coordinación pedagóxica. A nivel externo se buscará a coordinación a través dos equipos directivos.

Un dos puntos importantes no desenvolvemento do Plan TIC é coordinar de xeito efectivo entre os departamentos a presenza das TIC nas programacións didácticas. Que cada departamento recolla na súa programación as ferramentas e contidos TIC que está

disposto a traballar en cada curso para que haxa unha coordinación entre eles, de tal xeito que se poida garantir e mellorar a formación efectiva do alumando nas ferramentas informáticas básicas.

Se empregará a aula virtual en todos os departamentos e a plataforma Edixgal de forma xeneralizada como medio de comunicación co alumnado en canto a entrega de tarefas e traballos.

ORGANIZACIÓN DOS ESPAZOS DO CENTRO

Os distintos espazos do centro que se relacionan con este plan (aula de informática, biblioteca...) estarán a disposición da comunidade escolar .

Este curso, debido a que todo o alumnado da ESO dispón do seu propio portátil e a conectividade wifi e boa en tódolos espazos, non temos problemas de ocupación saturación da aula de Informática, quedando ésta para as TIC's do Bacharelato.

Dispoñemos tamén dunha nova aula de Audiovisuais.

NECESIDADES FORMATIVAS DO PROFESORADO

Continuamos coa formación iniciada o curso pasado e temos a disposición do profesorado os materiais da formación intensiva na aula virtual a través do curso chamado "Actualización de Ferramentas Tecnolóxicas".

Moito profesorado está xa cursando a formación Edixgal, presencial no centro e que terá continuidade integrada no Plan de Formación Permanente de Profesorado do centro.

Breve xustificación do mesmo

O plan dixital se enmarca dentro do actual marco normativo da legislativo vixente. Seguindo un orde de maior a menor rango, estaría rexido polas seguintes leis:

A Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación especifica que se debe promover o uso das TIC como medio didáctico tratando de contribuir a *minimizar os efectos da fenda dixital por xénero ou outros aspectos socioculturais. (art 111 bis.5)*

Tamén incide en fomentar a confianza e a seguridade no uso das tecnoloxías, prestando especial atención ás situacións de violencia na rede e observando o respecto á normativa reguladora da información dixital e os dereitos de propiedade intelectual ademais de concienciar sobre o respecto dos dereitos de terceiros. *(art 111 bis.7)*

O acceso ás novas tecnoloxías basearase nos principios de non discriminación impulsando un compromiso educativo entre familias e centro e neste contexto, deben atender á diversidade propoñendo modelos de programación e materiais accesibles (art. 121).

Para estes fins, a dirección do centro dirixirá, promoverá e coordinará a innovación educativa (art 132).

Neste marco legislativo nacional, a Comunidade Autónoma de Galicia publicou a **Resolución** do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que

se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022. Nesta normativa autonómica se regula a elaboración por parte dos centros docentes durante o curso 2021/22 do plan dixital (Disposición adicional quinta).

Por último, a Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022 establece que a coordinación do plan dixital será realizado polo equipo de dinamización do Plan Dixital formado pola persoa directora do centro e outra persoa do claustro, que no caso do noso centro será a persoa coordinadora do equipo TIC.

Proceso de elaboración

Seguindo as instrucións da resolución do 3 de setembro de 2021 o proceso de elaboración do plan dixital levado a cabo polo Equipo de Dinamización do Plan Dixital seguiu as seguintes fases:

- ◆ Fase de **análise** da situación do centro a través de 2 instrumentos:
 - Informe SELFIE.- con aportacións de equipo directivo, alumnado de Eso e Bacharelato e todo o profesorado do centro.
 - Test CDD.- Realizado por todo o profesorado do centro.
- ◆ Fase de **diagnose** de situación do centro.
 - Informe sobre Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades (en adiante DAFO).- elaborado polo equipo de dinamización do plan dixital.
- ◆ Fase de **elaboración** do Plan Dixital.
 - Deseño do plan de acción.- polo equipo de dinamización do plan dixital.
 - Elaboración do Plan dixital propiamente dito.- equipo de dinamización do plan dixital.

Situación de partida

Debido a situación de pandemia que vivimos recentemente, quedou de manifesto a importancia de contar no centro e tamén nos fogares tanto de alumnado como de profesorado dos medios dixitais e dos coñecementos tic que permitan abordar a labor educativa en calquera dos posibles escenarios, tanto presenciais como a distancia. É por esto que o IES Valadares segue apostando por seguir mellorar tanto os medios físicos de dotación de centro como as competencias dixitais de alumnado e de profesorado.

Ao longo dos últimos anos cambiou a infraestrutura do centro no que se refire á dotación de material TIC. Por unha banda a Consellería de Educación proporcionou a instalación de rede para todos os espazos de centro, dotou de distintos materiais (ordenadores, canóns, pantallas dixitais ...que se completan cos acadados polo centro por distintas vías) o que supuxo un cambio de cara a utilización das TIC nas aulas.

Así mesmo, a parte administrativa faise basicamente a través de internet, cos distintos programas que a Consellería proporciona; Xade, persoalcentros, fprofe, abalarmobil...

Hoxe en día podemos dicir que a melloría en competencia dixital no persoal do Centro é evidente.

Seguimos contando cos servizos da empresa Informax para o mantemento informático do Centro. Dispoñemos de soporte telefónico e tamén de soporte presencial tres horas os mércores pola mañá.

Tamén facemos uso do soporte que nos ofrece a Consellería a través da UAC e do servizo Premium Edixgal e websdinámicas..

Estamos a empregar o programa PIDGIN para o control de faltas de asistencia do alumnado a primeiras horas.

Seguimo este curso empregando de uso do NAS, un espazo de almacenamento organizado por equipos e departamentos. Está aloxado no servidor de centro e temos acceso dende tódolos equipos do centro. Se pretende así unha mellora da comunicación, evitar o uso de pendrives e minimizar así os problemas derivados dos virus e malware propio destes dispositivos.

Considérase a páxina web do centro como vía de información e comunicación actualizada coas familias. Trabállase nela dende diversos ámbitos tratando de mantela ao día no que se refire especialmente, a documentación oficial, datas de exames do alumnado e notificacións. Estamos traballando nela para renovala e actualizada e así dar mellor servizo a toda a comunidade educativa.

Outro espacio de comunicación co alumnado é a aula virtual no seu curso "Espazo IES Valadares", onde se poden consultar horarios, datas de exámenes, instrucións para a conexión nas videoconferencias, avisos e moitas máis cousas.

Contamos tamén co blog da biblioteca <http://osobreirdaspalabras.blogspot.com/> que no seu apartado de "Banco de recursos" aporta tutoriais tales como:

- ☒ Como facer unha presentación
- ☒ Como reducir o peso dunha imaxen
- ☒ Manual de uso da aula virtual
- ☒ Licencias CC

Estase a empregar o correo electrónico da Xunta como vía principal de comunicación entre o profesorado, tanto para notificacións por parte do Equipo Directivo a todo o claustro, como para intercambio de información sobre o alumnado.

Continuamos dispoñendo no centro do dominio "iesvaladares.org"; con este dominio e a través da Suite de Google Classroom temos contas de correo individualizadas para cada membro do centro, tanto profesorado como alumnado. Utilizaremos sempre este dominio para as comunicacións lectivas entre profesorado e alumnado e deixaremos o dominio de edu.xunta para comunicación entre profesorado, equipo directivo e familias. Recoméndase consultar esta conta de correo polo menos dúas veces dentro da xornada laboral xa que é

un dos principais medios de comunicación empregados polo centro.

A través destas contas e co acceso que proporcionan ao espazo Google Drive formamos ao alumnado nesta primeira parte do curso na adquisición/mellora de competencias dixitais. Traballamos a elaboración de documentos de texto, folla de cálculo, conversión de formatos, traballos colaborativos en liña, compartición de arquivos, descarga de arquivos, localización destes e renomeado, entrega a través da aula virtual de estos arquivos descargados.

Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O pasado curso 20-21 o IES Valadares foi por primeira vez centro Edixgal. Isto supuxo unha serie de cambios importantes tanto na metodoloxía en 1º ESO como nos medios dixitais a disposición de alumnado e profesorado.

Este ano ampliamos os cursos Edixgal de 1º a 4º da ESO aceptando a proposta da Consellería. Neste momento temos tódolos grupos da ESO traballando con dotación Edixgal.

Tamén se reforzou a conexión wifi Abalar instalando novos puntos de acceso que dan cobertura en todo o centro.

Tódas as aulas do instituto contan con equipo informático de aula, conexión a internet e cañón proxector. A maior parte contan tamén con PDI.

- Aula de Informática: conta con canón proxector e con 16 equipos LENOVO con S.O. Debian e maqueta Abalar libre (maqueta actualizada pola UAC en Xuño de 2018), recibidos da Consellería en Maio de 2016.
- Espazo multimedia da biblioteca; conta cunha rede wifi propia, 5 equipos portátiles, un equipo de sobremesa, 6 tablets e 8 ipads, outro portátil no espazo da radio e canón proxector con pizarra dixital interactiva. Todos estes medios se atopan a disposición de quen precise deles, sempre baixo a supervisión do profesorado responsable.
- Na sala de profesores dispoñemos de tres equipos portátiles e dun canón proxector.
- No espazo de traballo para profesorado da planta alta hai conectividade a internet por cable e wifi

Fontes empregadas para a análise DAFO

Para elaborar a análise DAFO realizouse unha análise cuantitativa baseada nos resultados numéricos derivados do informe extraído do test SELFIE.

Observando o resumo das áreas, os distintos sectores da comunidade escolar que realizaron o test obtiveron os resultados que se reflicten na seguinte táboa:

Áreas	Grupos	Ensinanzas	
		ESO	Bacharelato
A -Liderado	Equipo Direct.	4.5	4.4
	Profesorado	3.3	3.3
	Alumnado		
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	4.8	4.3
	Profesorado	2.9	3.1

	Alumnado	3.1	2.6
C- Infraestructuras e Equipos	Equipo Direct.	4.8	4.6
	Profesorado	3.7	3.8
	Alumnado	3.9	2.9
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4.8	5.0
	Profesorado	3.6	3.7
	Alumnado		
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4.9	4.3
	Profesorado	4.2	4.3
	Alumnado	4.1	4.1
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	4.8	4.2
	Profesorado	3.8	3.9
	Alumnado	3.6	3.1
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	4.1	3.7
	Profesorado	3.2	3.4
	Alumnado	3.2	2.6
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	4.8	4.1
	Profesorado	3.2	3.6
	Alumnado	3.3	3.0

Test CDD

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	21	31	67.7
INTERINO	3	15	20.0
PROVISIONAL	3	6	60.0
SUBSTITUTO	3	11	27.3
DESPRAZADO			

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
90.2	B1	76,4	B1

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO	91.8	B1	79.2	B1
BAC	102.3	B2	77.9	B1
F.P				

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	1	03.3
A2	5.2	16.7
B1	12	40.0
B2	8	26.7
C1	4	13.3
C2		
TOTAL	30	100

Outras fontes: Coñecemento cualitativo do centro por parte do profesorado que forma parte da Plan Dixital

Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<p>C01. No noso centro a infraestrutura dixital respalda a ensinanza e o aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.</p> <p>C02. No noso centro existen suficientes dispositivos tecnolóxicos que o profesorado pode utilizar na súa labor docente.</p> <p>C03. No noso centro facilítase o acceso a internet para a ensinanza e o aprendizaxe.</p> <p>C08. No noso centro hai dispositivos dixitais que son propiedade do centro ou están xestionados por él e que o alumnado pode utilizar cando os necesita.</p> <p>C14. No noso centro, os espazos físicos facilitan o ensina e a aprendizaxe con tecnoloxías dixitais</p>	
	PERSOAL DOCENTE	<p>A03. O profesorado conta co apoio do equipo directivo a hora de probar novas formas de ensinanzas D01. O equipo directivo e o profesorado reflexionan sobre as necesidades do DPC no relativo a ensinanza con tecnoloxías dixitais.con tecnoloxías dixitais</p> <p>D02. O profesorado ten acceso a posibilidades de DPC no relativo ó ensino e o aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.</p> <p>D03. O profesorado ten posibilidades de DPC centradas no emprego de tecnoloxías dixitais específicas para as materias que imparte.</p>	<p>B02. No noso centro non debatimos suficientemente sobre as vantaxas e desvantaxas do ensino e a aprendizaxe con tecnoloxías dixitais</p> <p>A04. No noso centro, o profesorado non ten tempo suficiente para explorar como mellorar seu método de ensino con tecnoloxías dixitais.</p> <p>DPC4.- A maioría do profesorado considera que foi pouco útil aprender doutros/as profesores/as a través das redes de profesorado ou comunidades de prácticas en liña (coma eTwinning) no curso 20/21</p>

	<p>E01. O profesorado busca recursos educativos dixitais en internet.</p> <p>E02. O profesorado crea recursos dixitais para reforzar seu método de ensino.</p> <p>E03. O profesorado emprega entornos virtuais de aprendizaxe cos alumnos.</p> <p>E04. O profesorado utiliza tecnoloxías dixitais para a comunicación relativa o centro educativo</p> <p>F01. O profesorado utiliza tecnoloxías dixitais para adaptar seu método de ensino as necesidades individuais do alumnado.</p>	DPC7.- A maioría do profesorado considera que foron pouco útiles as visitas de estudo (por exemplo, a outros centros, empresas ou organizacións) realizadas o curso 20/21
PERSOAL NON DOCENTE		
ALUMNADO	<p>UTIC1. O alumnado da ESO utiliza a tecnoloxía no centro para tarefas escolares</p> <p>UTIC2. O alumnado utiliza a tecnoloxía na casa para facer tarefas</p>	<p>H04. No noso centro, o alumnado non aprende a comprobar si a información que encontra en internet e fiable e precisa.</p> <p>H11. No noso centro, non todo o alumnado aprende a codificar ou programar.</p> <p>H13. No noso centro, o alumnado non aprende a resolver problemas técnicos que xurden ó utilizar tecnoloxías dixitais.</p> <p>AFC1.- O alumnado de Bach non utiliza a tecnoloxía no centro para tarefas escolares</p> <p>UTIC 4.- A maioría do alumnado utiliza mais dunha hora a tecnoloxía na casa para actividades de lecer</p>
FAMILIAS		
OFERTA		
ORGANIZACIÓN DO CENTRO	C16. No noso centro existen repositorios e ou bibliotecas en liña que conteñen materiais de ensino e aprendizaxe.	

	EXTERNOS	OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<p>Existen multitude de programas nos que pode participar o centro (Contratos programa, Proxecta, Stem Bach, PLAMBE, LIA...)</p> <p>Existen multitude de programas de formación nos que pode participar o centro</p>	Non existencia explícita de tempos para a coordinación de proxectos
	LEXISLACIÓN	A lexislación promove novas tecnoloxías e metodoloxías activas para a atención de todo o alumnado nas aulas	A05. No noso centro non se respeta de maneira suficiente os dereitos de autor e as licenzas de uso ó utilizar as tecnoloxías dixitais para o ensino e a aprendizaxe
	CONTORNA		
	ANPA	Nova ANPA. Colabora en multitude de proxectos co centro	

	OUTRAS ENTIDADES	Colaboración con outras entidades alleas o centro (colexios adscritos, Servizos Sociais, ONG,...)

Plan de Acción

Obxectivos, indicadores e accións

Unha vez realizado o DAFO, o equipo de elaboración do Plan Dixital elaborou ás áreas prioritarias sobre as que se traballaría o próximo curso no centro. Unha vez establecidas ditas áreas se elixiron os obxectivos SMART dentro das mesmas.

As áreas e obxectivos son os seguintes:

- E: Pedagogía: Apoios e recursos
 - Usar o correo electrónico de xeito cotiá entre o profesorado para recibir toda a información ao día. (E04).
 - Empregar de xeito habitual o abalar e o xade para comunicacións das titorías, faltas asistencia e conduta. (E04)
 - Reducir o volume de traballo administrativo en papel e aumentar a autonomía na resolución de trámites a través da páxina web.(E04)
 - O profesorado utiliza recursos educativos abertos. (E05)
- D: Desenvolvemento profesional continuo
 - Deseño dun plan para o PFPP útil e práctico. (D02).
- F: Implementación na aula.
 - O profesorado utiliza tecnoloxías dixitais para adaptar seu método de ensino ás necesidades individuais do alumnado. (F01)
- I: Outros
 - Acceso do alumnado a dispositivos fora do cenro educativo (AFC1): Regular o uso dos dispositivos
 - Uso da tecnoloxía (UTiC4). A maioría do alumnado utiliza máis dunha hora a tecnoloxía na casa para actividades de lecer

Para cada obxectivo cumprimentouse unha táboa que recolle, para cada obxectivo, as accións para conseguilos, os/as reponsables das mesmas, a temporalización e os recursos necesarios.

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

"Área/s de mellora": E. Pedagogía: Apoios e recursos						
1. OBXECTIVO (1):	Usar o correo electrónico de xeito cotiá entre o profesorado para recibir toda a información ao día. (E04).				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Porcentaxe de uso do profesorado					
Valor de partida (3)	90%					
Valor previsto e data (4)	100%			Finais xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Recordar nas reunións a obriga de ver o correo todos os días.	E. Directivo	finais xuño 22	Internet, Correo		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Solicitar feedback do profesorado dos avisos especiais	E. Directivo	finais xuño 23	Internet, Correo		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

"Área/s de mellora": E. Pedagogía: Apoios e recursos						
2. OBXECTIVO (1):	Empregar de xeito habitual o abalar e o xade para comunicacións das titorías, faltas asistencia e conduta. (E04)				Acadado	
RESPONSABLE:	Titoras/es, xefatura estudos				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Porcentaxe de titorías que o empregan					
Valor de partida (3)	50 %					
Valor previsto e data (4)	80%			Decembro 22		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO2.1: Avisar no primeiro claustro de curso da medida	Xefatura de estudos	Setembro 2022	Claustro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Confirmar nas reunións de titoras/es que se cumpre a medida	Xefatura de estudos	Novembro 2022	Reunións de titores		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3: Revisar o Abalar a finais de cada mes o emprego dende as titorias	Xefatura de estudos	Fin 1º trimestre 22	Abalar		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

"Área/s de mellora": E. Pedagogía: Apoios e recursos						
3. OBXECTIVO (1):	Reducir o volume de traballo administrativo en papel e aumentar a autonomía na resolución de trámites a través da páxina web.(E04)				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Porcentaxe de trámites na web					
Valor de partida (3)	5 %					
Valor previsto e data (4)	50 %			Xuño 23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO3.1: Informar ao claustro e persoal administrativo do cambio ás xestións na web	Equipo directivo.	Setembro 22	Claustro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Establecer un calendario de incorporación de documentos á web	Responsable da web e equipo directivo.	Setembro-outubro 22	Reunións Listado documentos Calendario		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.3: Incorporación progresiva de documentos á web	Responsable da Web	Xuño 2023	Listado documentos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

"Área/s de mellora": D. Desenvolvemento profesional continuo						
4. OBXECTIVO (1):	Deseño dun plan para o PFPP útil e práctico. (D02).				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador PFPP e Xefatura de Estudos				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Porcentaxe de profesorado que participa					
Valor de partida (3)	20%					
Valor previsto e data (4)	35%					
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO4.1: Detección de necesidades reais e acadables, para o deseño do plan de PFPP.	Coordinador PFPP e profesorado	xullo 22	Reunións		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.2: Deseño dun plan para o PFPP, realista e práctico, adaptable a cada nivel de formación.	Coordinador/a PFPP e profesorado, CFR	xullo 22	Reunións		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.3: Inscripción nas diversos programas do PFPP	Profesorado Participante	Decembro 22			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.4: Remate dos diversos programas do PFPP	Profesorado Participante	Maio 23			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

"Área/s de mellora": E. Pedagogía: Apoios e recursos						
5. OBXECTIVO (1):	E05. O profesorado utiliza recursos educativos abertos				Acadado	
RESPONSABLE:	Xefatura, coordinador tic				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Porcentaxe de horas de uso					
Valor de partida (3)	10%					
Valor previsto e data (4)	50-60%					
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO5.1: Diseñar cursos e tarefas completas na aula virtual, así como a rúbrica de análise do análise do emprego dos mesmos na plataforma	Coordinador PFPP, profesorado	Decembro 22	Ordenadores, formación, rúbrica		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.2: Realizar cursos na aula virtual que permitan avaliar directamente na plataforma.	Asesor PFPP, Profesorado	Marzo 23	Ordenadores, formación		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

AO5.3: Facer unha análise de porcentaxes do emprego global da plataforma	Xefatura, profesorado	Xuño 23	Reunión, rúbrica		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

"Área/s de mellora": F. Pedagogía: Implementación na aula.						
6. OBXECTIVO (1):	F01. O profesorado utiliza tecnoloxías dixitais para adaptar seu método de ensino ás necesidades individuais do alumnado.				Acadado	
RESPONSABLE:	Xefatura, Orientación				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Porcentaxe de emprego das tic					
Valor de partida (3)	60%					
Valor previsto e data (4)	80%					
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO6.1: Reunión comezo de curso asesoramento e pautas.	Xefatura, orientación, profesorado	Outubro 22	Convocatoria		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO6.2: Realizar formación específica	Asesor PFPP, Profesorado	Xaneiro 23	Ordenadores, formación		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

A06.3: Recoller nas programacións as novas medidas tic adaptadas	Xefatura, CCP.	Marzo 23	Convocatoria, Programacións, listado medidas por departamento e materia	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	
A06.4: Implementar no día a día o uso de novas ferramentas tic para as tarefas nas aulas	Profesorado	Marzo 23	Ordenadores, tablets, radio, vídeo...	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	
A06.5: Facer unha análise de porcentaxes do emprego global da plataforma	Xefatura, profesorado	Xuño 23	Reunión, rúbrica, listado medidas por departamento e materia	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

"Área/s de mellora": I. Outros						
7. OBXECTIVO (1):	AFC1.- Regular o uso dos dispositivos do alumnado de Bacharelato.				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo e coordinador/a Tic				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Porcentaxe de incidencias co uso dos dispositivos do alumnado de Bach no cómputo xeral de incidencias do curso					
Valor de partida (3)	Descoñecido					
Valor previsto e data (4)	10%			Xuño 23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	

A07.1:Reunión para diseñar medidas que regulen o uso no centro	Coordinador Tic, Comisión de convivencia e Consello escolar	Setembro 22	Convocatoria reunión		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A07.2:Redacción das normas para o NoF	Coordinador Tic, Comisión de convivencia e Consello escolar	Novembro 22	Comisión de convivencia		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A07.3: Aprobación das mesmas no Consello Escolar, despois de presentar ao Claustro	Equipo directivo, Coordinador Tic, Comisión de convivencia e Consello escolar	Decembro 22	Claustro e Consello		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A07.4: Revisión xeral de incidencias na memoria de convivencia escolar	Xefatura	Xuño 23	Documentación de centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

"Área/s de mellora": I. Outros						
8. OBXECTIVO (1):	UTIC 4.- A maioría do alumnado utiliza máis dunha hora a tecnoloxía na casa para actividades de lecer				Acadado	
RESPONSABLE:	Xefatura, Orientación				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Porcentaxe de horas					
Valor de partida (3)	50%					
Valor previsto e data (4)	40%					

ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO8.1: Reunión orientativa coas familias	Xefatura, Orientación	Outubro 22	Convocatoria		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO8.2: Reunións cos titores/as para traballar dende as titorías	Xefatura, Orientación	Outubro 22	Convocatoria		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO8.3: Planificación de actividades de concienciación: talleres e titorías	Titores/as, orientación	Novembro 22	Reunión, listado		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO8.4: Desenvolvemento de actividades de concienciación: talleres e titorías	Titorías	Xaneiro-febreiro 23	Listado de actividades, hora titoríase talleres		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO8.5: Realización de enquisa para comprobar a efectividade do realizado	Xefatura, orientación, titorías	Xuño 23	Enquisa e ordenadores.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Axuda para completar as táboas:

- 1. Establecer e numerar OBXECTIVOS "SMART" que sexan:**

- 1.1. **Específicos (Specific)**, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como.
- 1.2. **Medibles (Measurable)**, deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado.
- 1.3. **Alcanzables (Achievable)**, é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero posibles;
- 1.4. **Relevante (Relevant)**, debemos formular obxectivos que conleven un beneficio importante para a organización educativa.
- 1.5. **Definidos no tempo (Time bound)**, isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.

No conxecto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** o **Non acadado**).

2. **INDICADORES: Permitirán avaliar** a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e respostar a escalas numéricas.
3. **VALOR de PARTIDA:** Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) da situación inicial do centro
4. **VALOR PREVISTO:** Cantidad numérica do indicador que queremos alcanzar cunha **data** límite para acadalo.

ACCIÓNS A DESENVOLVER:

5. **DESCRIPCIÓN:** Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase AO1.1., a segunda AO1.2. e así sucesivamente).
 6. **RESPONSABLES:** Son as persoas implicadas e responsables de cada acción.
 7. **DATA PREVISTA FIN :** Data concreta na que se espera finalizaría a acción completamente.
 8. **RECURSOS NECESARIOS:** Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas orzamento,..)
 9. **VALORACIÓN DA ACCIÓN:** No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.
- 10.**ESTADO:** Utilizar esta mesma táboa para reflectir de xeito rápido na avaliación do Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento.

Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

	Dotación	Necesidade	Finalidade
Infraestrutura			
Equipamento	20 portátiles para aula informática	Temos ordenadores de sobremesa obsoletos de 2016. Ademais, ocupan moito espazo.	Actualización deses medios informáticos da aula de informática. E aumentar o número de postos na aula.
	2 carros de carga con sus correspondientes portátiles.	O alumnado de bacharelato non dispón de portátiles para seu uso na aula	Continuar coa dinámica de traballo da ESO, onde dispoñemos do Plan Edixgal.
	4 PDI	Non existen na aula taller de Arte e nas aulas de Informática, Música e no futuro Polo Creativo.	Dotar a ditas aulas do mesmo equipamento que o resto das aulas do centro.
Servizos dixitais	Mensaxería instantánea corporativa (tipo Telegram)	Non existe servizo corporativo.	E preciso comunicación eficiente entre o profesorado co fin de traballar colaborativamente
	Caderno para o profesor (tipo Aditio)	Non existe servizo corporativo.	Planificación e xestión das notas do alumnado dunha clase por parte do profesorado.
	Espazo na nube que permita traballo colaborativo (tipo Drive, con todas súas funcionalidades)	Non existe servizo corporativo.	

Avaliación do plan

Ó longo do curso escolar haberá reunións periódicas entre membros da dirección, o profesor encargado da dinamización das TIC e o responsable da biblioteca. Aquí se valorarán as distintas incidencias, a organización e uso, as suxestións dos distintos compoñentes da comunidade escolar (tanto a nivel individual como colectivo dos distintos órganos: consello escolar, claustro, comisión de coordinación pedagóxica, departamento de orientación e reunións de titores), podéndose facer as modificacións que se consideren oportunas.

Ao final de curso avaliarase a implicación do profesorado e o alumnado, a implicación dos departamentos (no relativo a integrar as TIC nos currículos), a organización e uso dos distintos espazos, o grao de consecución dos obxectivos, a cantidade de materiais producidos e de actividades específicas realizadas, e a cantidade de recursos dispoñibles.

Difusión do plan

A nivel externo daráselle publicidade e difusión entre toda a comunidade educativa por medio da súa publicación na páxina web do centro.

A nivel interno o proxecto será presentado no claustro, consello escolar e comisión pedagóxica.

Os titores encargaranse de difundilo ao alumnado, e a dirección aos pais/nais nas reunións que se fagan con estes. Unha copia será publicada na páxina web do centro.